

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.
4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN/ES DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MEMORIA E MELLORA DO PLAN.
11. ANEXOS.

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

1.1. Introducción e xustificación.

A atención á diversidade e fundamental no noso sistema educativo. No proceso de ensino-aprendizaxe debemos ter en conta a diversidade da aula e atender a esa diversidade, debemos cubrir as necesidades do noso alumnado, compensar as dificultades e proporcionar as axudas necesarias tendo en conta os distintos ritmos e formas de aprendizaxe e as situacións persoais de cada un. O centro educativo debe proporcionar as ferramentas necesarias para o desenvolvemento íntegro do alumnado, sempre atendendo ás súas características persoais e sociais.

Por todo o exposto, este Plan Xeral de Atención á Diversidade abrangue ao conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro deseñará e porá en práctica para que o alumnado acade o máximo desenvolvemento posible das competencias clave e os obxectivos e contidos educativos.

1.2. Recursos cos que conta o centro.

O CEIP da Barqueira é un centro pequeno cun total de aulas tres aulas mixtas, dúas de primaria e unha de infantil, aínda que, no curso 2022/2023 contamos cun total de cinco aulas, tres delas mixtas e dúas puras. É por isto que a atención á diversidade e ás diferencias individuais cobra especial relevancia dadas ás posibilidades reais que existen na actualidade de atender ás mesmas.

Os recursos cos que conta o centro son:

-Orientadora, compartida co CEIP Fraga Iribarne (un día á semana).

-Mestra de AL, compartida co CEIP San Ramón (dous días á semana).

Cómpre destacar que, ata este ano, contabamos cunha mestra especialista en PT compartida con Moeche (dous días á semana).

1.3. Marco legal.

-Orde 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995).

-Orde de 31 de outubro de 1996, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o

procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996).

-Orde de 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996).

-Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (DOG 21/10/1996).

-Orde de 22 de xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de EI e EP dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 2/09/1997).

-Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/4/1998).

-Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31/7/ 1998).

-Orde de 27 de decembro de 2002 polo que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE (DOG 30/1/2003).

-Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/2/2004).

-Orde de 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado no segundo ciclo de EI, EP, ESO e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 19/3/2007).

-Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/7/2011).

-Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG 21/12/2011).

-Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño de

convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

-Orde 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o DEcreto 229/2011 pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Tal e como se explicitou no apartado anterior, grazas ao número de aulas co que contamos este ano, pódese atender á diversidade de forma máis eficaz e individualizada.

O alumnado obxecto deste plan é:

- A totalidade do alumnado, diverso ante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:
- Alumnado con necesidades educativas especiais, derivadas de condicións persoais de discapacidade física, psíquica, sensorial, ou de graves trastornos da personalidade ou de conduta.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...
- Alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con situacións persoais sociais ou culturais desfavorecidas ou que manifeste dificultades graves de adaptación escolar.
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo, que por factores sociais se atope en situación de desvantaxe respecto ao acceso, permanencia e promoción no sistema educativo (minorías étnicas ou culturais), así como, con descoñecemento ou coñecemento insuficiente das linguas da nosa comunidade ou con graves carencias nos coñecementos básicos.
- Calquera outro alumno que nun momento dado requira unha atención específica.

2.1. Valoración das necesidades.

-Ao inicio de curso.

Ao comezo de curso, os titores e titoras deben ler os expedientes do seu alumnado e os informes elaborados polos titores do ano anterior (no caso de que se trate dunha aula que

non tivesen con anterioridade). Se é necesario, reuniránse ou comunicaránse coas titores anteriores a fin de aclarar dúbidas e coñecer as características individuais e colectivas do grupo.

O DO achegará información sobre o alumnado con informe psicopedagóxico ou do que dispoña información relevante.

Ao comezo de curso, realizarase, tal e como se estipula nas instrucións de principios de curso, unha avaliación inicial para detectar posibles necesidades.

No momento de detectar algunha necesidade específica de apoio educativo se lle comunicará á xefatura do DO, a algún dos membros do mesmo ou á Dirección do Centro (no caso de que non esté a xefa do DO ou a mestra de AL non estén, dado que son itinerantes).

-Procedemento para efectuar unha avaliación psicopedagóxica:

- 1) O profesor/a titor/a solicita unha demanda de intervención por escrito, utilizando os modelos establecidos para tal efecto.
- 2) O profesor/a titor/a informará á familia sobre a necesidade de valoración do seu fillo/a. A familia firmará o seu consentimento para poder efectuar esta valoración.
- 3) Realizaráse a valoración pertinente.
- 4) Cos resultados obtidos, estableceránse as medidas máis axeitadas para atender ás necesidades do alumno ou alumna. Comenzarase sempre por medidas ordinarias, unha vez esgotadas estas, se non houbo resultados positivos, será cando acudamos ás medidas extraordinarias.
- 5) O resultado deste proceso será o informe psicopedagóxico, no que, entre outras, se recollerán as medidas de atención para dito alumno/a, así como se establecerán as necesidades específicas de apoio educativo e os recursos e medidas de carácter extraordinario, indicando se son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia. Este informe técnico será dado a coñecer ao titor/a. Posteriormente gardarase no arquivo do despacho de Dirección, co fin de resgardar a súa confidencialidade. O titor procurará que as conclusións principais de dito informe sexan coñecidas por todos os docentes que traballan co alumno.

- 6) Levarase a cabo unha entrevista cos pais do alumno/a para comentar as conclusións extraídas do proceso avaliador e facilitar orientacións ao respecto para o ámbito familiar.
- 7) Realizarase un seguemento da evolución do alumno ou alumna e das medidas adoptadas.
- 8) O DO, se é o caso, considerará a derivación a outros servizos (UACO, EOE...).

3.DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

- Tomar as decisións e adoptar as **medidas que optimicen a acción educativa**, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Diseñar e poñer en práctica **accións preventivas e de detección temperá**, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
- Concretar e **desenvolver os principios** de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagógico, organizativo e de xestión do centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para **promover a convivencia**, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- **Optimizar a organización dos recursos** do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- **Potenciar a acción titorial e orientadora** por parte de todo o profesorado.
- Promover a **implicación** das nais, **pais** ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a **participación do profesorado** en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Enténdese por medidas de **atención á diversidade** aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha **resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado**. Estas medidas sitúanse nun **continuo** que abrangue desde a **prevención** ata a **intervención** directa co alumnado.

As medidas de atención a diversidade deben rexirse polos principios de normalización, equidade, integración e inclusión. A mestra titora será a encargada de realizar estas tarefas en primeira instancia, no caso de que fose necesaria a intervención doutra mestra actuaremos en base a dous tipos de medidas:

4.1. Medidas ordinarias.

Son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas. Tampouco cabe asignar de forma exclusiva unha medida concreta cun determinado profesional que a leve a cabo. Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

Dentro das medidas ordinarias atopamos as seguintes:

- Plan de Acollida de alumnos/as de educación infantil.
- Coordinación co equipo docente para realizar unha avaliación inicial ante a chegada dun alumno novo.
- O profesor de AL, ao finalizar a etapa de EI, fará unha valoración dos alumnos propostos polos titores para detectar as posibles dificultades e deseñar as intervencións necesarias.

- Seguimento e avaliación dos alumnos/as que presentan certas dificultades, a través de probas de nivel e de capacidade, para coñecer o que o alumno é capaz de realizar de forma autónoma, se vai seguindo o ritmo da clase.
- Coordinación con outros servizos para a detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Plan de acollida ó alumnado extranxeiro.
- As medidas organizativas que se adopten van estar condicionadas pola dotación do profesorado que dispoña o centro en cada curso e polo tipo de necesidades educativas dos alumnos/as escolarizados.
- Aproveitar ao máximo os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como unha axeitada organización dos mesmos.
- Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que se posibilite a posta en marcha das medidas recollidas.
- Organizar a distribución dos tempos tendo en conta que esta distribución se realiza en función das necesidades do alumnado e que esta suxeita a modificacións permanentemente. De feito os horarios refanse ao longo do curso cando sexa necesario.
- Coordinar a actuación dos diferentes profesionais. Facilitar, desde a organización do centro, a coordinación necesaria entre os profesionais que interveñen có alumnado.
- Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas as súas características e necesidades.
- Organizar grupos de reforzo.
- Organización de actividades individuais e grupais: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudo, de estimulación, de enriquecemento cognitivo, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Realizar un seguimento individualizado de aqueles alumnos e alumnas cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.
- Revisar o nivel de participación dos pais/nais así como a relación coa comunidade.
- Priorizar obxectivos e seleccionar os contidos mínimos propios do curso.
- Variar a temporalización dos mesmos.
- Incluír obxectivos relativos a aspectos que o alumno considere relevantes ou que, en todo caso, sexan relevantes no entorno ao que pertence o alumnado.
- Enriquecer o currículo das áreas con referencias e aportacións de diferentes culturas.

- Distinguir entre os contidos que se consideran fundamentais e os que teñen un carácter complementario. De forma que os contidos básicos sexan os mínimos para todo o grupo e, polo tanto, neles se centrará o traballo con aquel alumnado que presente determinadas dificultades de aprendizaxe, mentres os de carácter complementario irán destinados a aquel alumnado sen dificultades para o aprendizaxe ou para aquel outro que está especialmente dotado.
- Preparar actividades complementarias, de ampliación ou afondamento, dirixidas, a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez. Este bloque de actividades centrarase sobre os contidos que non se consideran fundamentais para o desenvolvemento das capacidades básicas.
- Adaptacións de acceso ao currículo. Son axudas, recursos materiais e medios técnicos que compensan as dificultades ou incapacidades dos alumnos/as con discapacidades físicas ou sensoriais para poder acceder ao currículo.
- Medidas de afondamento e enriquecemento. Para o alumnado de altas capacidades, se deberán propor actividades de afondamento e enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- Afianzar os contidos do curso anterior.
- Diversificar os procedementos de avaliación mediante estratexias como: Adecuar tempos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación; variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información; unificar criterios e procedementos na recollida de información; rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado; diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais, mínimos exixibles.
- Utilizar diferentes instrumentos e procedementos para avaliar a progresión das capacidades básicas do alumnado.
- Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras: aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.
- Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais, graduando a súa dificultade en función das posibles dificultades de aprendizaxe que podan

presentarse e planificándoas de forma que permitan traballar un mesmo contido con niveles de esixencia diferentes.

-Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. Traballo autónomo, actividades dirixidas,...

-Posibilidade de prever que nun momento determinado coexistan na aula distintas formas de agrupamento, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.

-Incluír a elaboración de materiais por parte do alumnado como contido das diferentes materias.

-Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.

-Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, incidindo nos seguintes aspectos: o seguimento individual e grupal do alumnado, o desenvolvemento integral do alumnado, a colaboración periódica coas familias, a coordinación do conxunto do profesorado de cada grupo, co fin de facer un seguimento de casos e colaborar en determinadas intervencións cando así se requira.

-Reunións periódicas do profesorado que intervén cun determinado alumno/a ou grupo para facilitar a coordinación das súas actuacións.

-Intervención doutros profesionais: procurárase realizar unha intervención coordinada entre os auxiliares educadores, fisioterapeutas e outros profesionais contribúa á consecución de obxectivos educativos.

-Programas de enriquecemento curricular.

-Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

-Programas de recuperación.

-Programas específicos personalizados.

-Programas de habilidades sociais.

4.2. Medidas extraordinarias.

Son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario o por resultaren estas insuficientes. Algunhas delas poden ser:

- Permanencia excepcional no caso de ACNEES dun curso máis na etapa tanto en E.Infantil como en E.Primaria.
- Tanto a decisión de permanencia como, no seu caso, a de promoción deberán tomarse tendo en conta a madurez do alumnado, as súas circunstancias persoais e familiares, as súas posibilidades de recuperación e progreso en cursos posteriores, e os beneficios que podan derivarse para a súa integración e socialización.
- Redución ou avance nunha área ou incluso nun ano de escolaridade (aceleración para alumnos/as de altas capacidades).
- Reforzos educativos dentro e fóra da aula polos mestres especialistas de PT e AL.
- Adaptacións curriculares individualizadas. Modificacións que se realizan, previa avaliación psicopedagóxica, que afecta aos elementos prescritivos do currículo oficial por modificar obxectivos xerais da etapa, contidos básicos das diferentes áreas curriculares e criterios de avaliación.
- Agrupamentos flexibles.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presentan dificultades para unha asistencia continuada ao centro.
- Grupo de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular

Daranse prioridade ás medidas ordinarias sobre as medidas extraordinarias que só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine. A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen. A implantación das medidas de carácter extraordinario deberá contar coa aprobación das instancias oportunas e axustarse a lexislación pertinente que regula o procedemento a seguir respecto á súa adopción.

4.3. Programas a realizar durante o curso.

A continuación, recollemos os programas a traballar no centro:

O PROGRAMA DE PREVENCIÓN VISUAL

OBXECTIVOS.

- Detectar ao alumnado con problemas visuais.
- Facilitar información, apoio e asesoramento ás familias destes alumnos.

DESENVOLVEMENTO.

O orientador e o titor do grupo levará a cabo a observación para a detección da perda visual rexistrando os datos de visión nos dous ollos durante o primeiro trimestre do curso.

En caso de detectarse perda visual no alumno o titor informará a familia.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.

O PROGRAMA DE DETECCIÓN DE DIFICULTADES DE ARTICULACIÓN E PERDA AUDITIVA EN EDUCACIÓN INFANTIL.

OBXECTIVOS.

- Detectar ao alumnado con problemas articulatorios e auditivos.
- Facilitar información, apoio e asesoramento os mestres e as familias destes alumnos.
- Desenvolver unha acción educativa que dea resposta a estas necesidades ex; a participación do EOE.

DESENVOLVEMENTO.

O orientador fará unha pasación dun Rexistro fonolóxico Inducido e o titor do grupo levará a cabo a observación para a detección da perda auditiva rexistrando os datos no cuestionario establecido a tal efecto, dando traslado deste á orientador do centro.

A valoración a realizará o orientador dando a familia a información e asesoramento pertinentes, promovendo, ao mesmo tempo, a intervención do EOE.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.

O PROGRAMA DE EXPLORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA DA TOTALIDADE DO ALUMNADO

OBXECTIVOS.

-Colaborar cos profesores no coñecemento de cada alumno co obxecto de axustar a intervención educativa ás súas características persoais.

-Facilitar o coñecemento dos alumnos por parte das familias, adecuando as súas expectativas, orientando a toma de decisións e servindo de punto de partida para o asesoramento respecto das axudas adecuadas para a mellora do proceso educativo (soamente daquelas familias que o soliciten).

DESENVOLVEMENTO.

As exploracións psicopedagóxicas que conforman este programa levaraa a cabo o orientador do centro durante todo o curso aos rapaces de 6º de EI, 2º,4º e 6º de EP, informando dos resultados ao profesorado e as familias se é o caso.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.

O PROGRAMA DE PREPARACIÓN PARA A ESO

OBXECTIVOS.

-Facilitar o tránsito da etapa de educación primaria á de educación secundaria.

-Facilitar información ao alumnado e ás familias respecto das características e estrutura da nova etapa educativa.

-Proporcionar ao alumnado e ás familias información sobre a oferta educativa, os servizos complementarios e o funcionamento xeral da nova etapa.

DESENVOLVEMENTO:

PRIMEIRA FASE: Información xeral sobre a ESO e sobre o IES.

Esta fase, destinada ao alumnado, desenvólvese no propio centro por parte do orientador do colexio. Realizarase no terceiro trimestre e informarase de asuntos relativos a:

-Estrutura do sistema educativo.

-Oferta educativa do IES.

-Horarios lectivos.

-A atención á diversidade.

- Servizos complementarios que ofrecen.
- Actividades extraescolares.
- Criterios de promoción.
- Regulamento de réxime interno.
- Actuacións de acollida.
- E outros que poidan ser de interese.

SEGUNDA FASE: Visita.

Ten por obxecto coñecer o instituto. Estará coordinada polos dous departamentos de orientación e realizarase no mes de xuño.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Tanto o profesorado implicado coma o D.O. avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das fases, emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.

O PROGRAMA DE AVALIACIÓN DA LECTOESCRITURA

OBXECTIVOS

- Valorar o nivel de acceso a lectoescritura.
- Facilitar información, apoio e asesoramento os mestres e familias de estes alumnos.

DESENVOLVEMENTO

O orientador e o titor do grupo levarán a cabo dentro da aula, durante o primeiro trimestre do curso.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación realizarase por parte do orientador e o titor, especialmente aqueles alumnos con dificultades de acceso a lectoescritura.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Os criterios de utilización dos recursos dispoñibles seguirán a seguinte orde de prioridade:

1º. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle o correspondente informe psicopedagóxico.

2º. Atenderase ao alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular Individualizada.

3º. Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, priorizando de 1º curso do 1º ciclo a 6º curso do terceiro ciclo de Educación Primaria .

4º. En educación infantil só se apoiarán aqueles alumnos que así aconselle o correspondente informe psicopedagóxico, debendo respectar os principios de atención temperá.

5º. Atenderase primeiro aos Apoios Educativos que permaneceron un ano máis no curso que os que non.

6º. O apoio poderá realizarse dentro ou fóra da aula, en función das necesidades específicas de apoio educativo. Nos casos que se necesite unha terapia individual moi específica recibirán apoio fora da aula ordinaria.

7º Os horarios dos apoios estableceranse tratando de respectar a permanencia dos alumnos na aula ordinaria nas horas lectivas dedicadas ás especialidades.

A proposta de atención educativa ao alumno será elaborada entre o profesorado de apoio en xuntanza coa xefa do DO, será presentada os tutores/as para o seu coñecemento e consideración. De aquí debe xurdir a proposta definitiva de prestación do servizo de apoio, proposta que o Orientador facilitará ó equipo directivo, nas primeiras semanas de setembro.

Á hora de decidir sobre a non promoción dun alumno ou alumna ao curso seguinte teranse en conta o lexislado respecto da avaliación en Infantil (D 229/2011, do 7 de decembro de atención a diversidade) e en Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro e no D 229/2011) así coma os criterios de promoción aprobados polo claustro do profesorado. Teráse sempre en conta que se trata dunha medida extraordinaria, levada a cabo unha vez esgotadas todas as medias ordinarias.

A atención á diversidade, en especial ao acneae, deberá contar cunha dotación axeitada de material e de profesorado especialista . En consecuencia, os informes

psicopedagóxicos deben indicar qué tipo de material específico e qué profesorado especialista se require, para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade.

No ámbito infraestructural, a escolarización de acnae. requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes ou estas presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos baños, o servizo de transporte, o comedor escolar, os accesos o pavillón escolar etc. deberán considerar as circunstancias específicas dos nenos e nenas con n.e.a.e.; todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención. Tal e como establece a Lei 8/1997, 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma galega.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

A continuación expóñense as funcións dos seguintes organismos do centro, en relación ás medidas deseñadas:

Claustro:

- Consensuar a definición do marco conceptual elixido polo claustro deste centro (que é atención á diversidade, que medidas de atención á diversidade se adoptan, como entendemos o proceso de aprendizaxe)
- Elaborar o Proxecto Educativo de Centro.
- Coordinar as funcións referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.
- Aprobar o Plan de Atención á Diversidade, elaborado polo Departamento de Orientación, onde se definen as funcións dos distintos profesionais, o modelo de intervención, os criterios xerais para decidir cando un alumno recibe apoio.....para posteriormente trasladar ao Consello escolar, para a súa aprobación.

Profesorado tutor:

- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación da Dirección do Centro e a colaboración do Departamento de Orientación.
- Segundo a lexislación vixente, o tutor realizará a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
- O profesorado tutor colaborará co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e atenderá ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración de adaptacións curriculares coa colaboración do resto do profesorado ordinario que atende ao alumno, o profesorado especialista de Audición e Linguaxe e a orientadora.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo.
- Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo co profesorado que interveñen directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun ciclo a outro.
- Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades educativas sobre todo aquilo que lles concirna en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

Profesorado de Audición e Linguaxe:

- Para coordinar as súas funcións, o equipo réunese coa orientadora, que forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.
- Atención directa docente ao alumnado con alteracións lingüísticas.
- Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria, según dispoñibilidade horaria. Contará coa colaboración da orientadora do centro.
- Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

Departamento de Orientación:

As funcións do equipo vertébranse fundamentalmente en torno ás áreas de prevención, colaboración, intervención directa especializada e apoio ás familias.

- Elaborar a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo.
- Elaborar a proposta de concreción anual do citado Plan, que formará parte da programación xeral anual.
- Elaborar a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade establecendo as propostas de mellora a que se incorporará a memoria do departamento e polo tanto á memoria anual do centro.

Orientadora:

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con n.e.a.e. xunto co xefe/a de estudos e o profesorado de apoio.
- Detectar e avaliar as neae do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais

Dirección do centro:

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos están implicados tanto nos niveis de planificación como na posta en práctica das medidas que se propoñan. A Dirección do centro é un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado, como coordinadora de todo o relacionado coa atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións...

Entre as funcións que son da súa competencia:

- Será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- Incorporar a concreción do Plan á programación xeral anual, e velar polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

- Reunións do DO: orientadora, profesora de AL e docentes do grupo.
- Sesións de avaliación: inicial, trimestral e final.
- A principios de cada curso, o profesorado de apoio, coordínase cos tutores do alumnado que atenderá ao longo do curso.
- Todas aquelas xuntanzas que requira cada un dos casos tratados.

No relativo ao centro adscrito, a coordinación lévase a cabo a través de reunións do orientador co representante da orientación neste centro, que de ser o caso demandaría a necesidade de avaliación psicopedagóxica. A orientadora se coordinaría directamente co titor ou titora, para seguir o proceso de avaliación psicopedagóxica e toma de decisións. As canles fundamentais establecidas co IES de referencia son as direccións, pero tamén as xefaturas do DO no que atinxe á organización de visitas de alumnado.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

8.1 Familias:

Este ámbito tratarémolo empregando reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunións iniciais do titor ou titora coas familias. Nestas reunións infórmase sobre as dificultades encontradas e sobre as propostas de intervención, incluída a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.
- Reunións co orientador, nas que se solicita información relevante, se facilita información e se proporcionan suxestións.
- Reunións de seguimento, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poden participar, ademais do profesorado titor, docentes especialistas e o orientador.

8.2 Servizos externos

A tal fin, deberemos coída-la comunicación con:

- Servizos de neuropediatría e atención temperá.
- Servizos sociais do concello.
- Profesionais da psicoloxía e pedagogía que traballa en despachos privados.
- Centros de EE.

A periodicidade dos contactos será variable, en función do alumnado afectado. Ás reunións poderán asistir as persoas que rexenten a titoría, docentes especialistas e o orientador.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN/ES DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

As actuacións que levaremos a cabo coa finalidade de solicitar a aplicación de medidas extraordinarias serán as establecidas de acordo á lexislación vixente que as regula.

No Anexo II se presenta a relación de documentos que recollerán ditas actuacións.

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MEMORIA E MELLORA DO PLAN.

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención, propoñendo, no seu caso, as modificacións ao Plan Xeral de Atención á Diversidade. As modificacións ao plan deberían afectar so ás medidas correctoras oportunas.

Corresponde á Dirección do Centro o desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de Atención á Diversidade.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.
- Avaliación do plan.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas distintas reunións.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

A revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.

ANEXOS

ANEXO I: PLAN DE ACOLLIDA

PLAN DE ACOLLIDA

O PROGRAMA DE ACOLLIDA (PA)

1.-INTRODUCCIÓN.

Este programa trata de dar resposta a necesidades da incorporación do novo profesorado e alumnado co obxecto de coordinar estas para a acollida satisfactoria a quenes acaban de chegar.

2.-OBXECTIVOS.

- Facilitar o tránsito da familia ou dunha escola cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Conseguir unha idónea adaptación do alumnado á escola para o seu correcto desenvolvemento.
- Favorecer a relación dos nenos novos cos seus compañeiros.
- Fomentar actitudes de respecto cara ao alumnado inmigrante e facilitar o proceso da súa integración.
- Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na súa dinámica de traballo.
- Acadar o coñecemento das circunstancias persoais de cada neno.

3.-DESENVOLVEMENTO

Para acadar os obxectivos deste programa de acollida, desenvolveranse as seguintes actuacións:

3.1.NENOS DE NOVA INCORPORACIÓN:

3.1.1.PARA COS NENOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Seguir o programa de acollida (anexo)

3.1.2.PARA CO ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS.

a) No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula:

Ao formalizar a matrícula, o equipo directivo informará ás familias acerca da escola e responderá ás preguntas que se susciten. Os nenos deben visitar o colexio acompañados dalgún membro da familia para ter os primeiros contactos co grupo, materiais ,espazos do centro, profesorado, persoal laboral e alumnado.

c) Durante a 1ª quincena de setembro:

O profesorado-titor, ou no seu defecto calquera outro docente, convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do centro e se recollerá aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinarlles a aula e o centro, se aínda non o coñeceran.

3.1.3.PARA CO ALUMNADO EMIGRANTE.

Estes alumnos enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

-Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua diferente á lingua materna.

-Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.

-Diferentes niveis académicos: algúns alumnos presentan un ou varios cursos de desfase curricular en relación á súa idade.

-Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización: alumnos que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou fano sempre con nenos da súa propia nacionalidade.

a) Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural

O Programa de Acolida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de

valores, crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Esta labor levarase a cabo con:

- O alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.

- As familias, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.

- O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

b) Acollida á familia no centro

- Recibimento:

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos ou alumnas e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este contacto debe ser acolledor e cálido, a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e confianza, así como facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñece o castelán, pódese recorrer aplicacións móbiles ou facilitaráselles información por escrito traducida.

- Información achegada polo Centro:

A Dirección recibirá aos pais e, ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- Sistema educativo español.

- Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora o alumno: división en ciclos, sistema de avaliación, promoción, etc.

- O funcionamento do centro: quén somos, qué facemos e qué obxectivos pretendemos.

- Documentos e normas do centro.

- Calendario escolar.

- Horario xeral do centro. Horario do alumno.

- Canles de participación na vida do Centro.

- Procedemento e horario de atención aos pais do profesorado e equipo directivo.

- Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións do centro: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, etc.
- Material escolar necesario.
- Funcionamento do servizo do comedor escolar.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc.

Pediráselles a pertinente autorización asinada.

- Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.
- Servizos fora da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, etc.
- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.
- Documentación solicitada.

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é convinte que a familia aporte:

- A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa (serán solicitados pola Dirección ao centro de orixe).
- Información sobre a súa procedencia.

c) Avaliación inicial e adscrición

De conformidade co establecido no *Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U* :“como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno que se incorpora ao noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

De seguido, e aínda con máis urxencia se o seu nivel curricular é baixo respecto da súa idade, o titor ou titora procederá a determinar as súas necesidades educativas, a través da avaliación inicial prevista con carácter xeral para todo o alumnado que se incorpora ao centro. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, son as máis axeitadas nese caso concreto”

No referente á adopción de medidas de atención específica estarase ao disposto no PXAD, sen prexuízo do determinado especificamente para este alumnado neste PA.

Como norma xeral, tendo en conta a madurez e socialización do alumno aspectos claves no desenvolvemento do mesmo nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica.

A adscrición será considerada con flexibilidade, xa que nalgunha ocasión, á vista da avaliación inicial do titor e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, poderá propoñerse un troco de nivel ou curso. Se isto ocorre, haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do profesorado que lle dá clase, e elevarase á dirección, quen remitirá á Inspección Educativa.

Resulta esencial transmitir aos distintos profesores da aula asignada a información sobre as características dos novos alumnos e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor ou titora será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo modo, referente máis directo do novo alumno ou alumna, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

d) Acollida ao alumno na aula

Actividades de presentación e coñecemento mutuo.

O titor, que posúe todos os datos do alumno ou alumna nova, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros e compañeiras e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

Alumnos- titores:

O profesor titor pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro que axude, oriente e acompañe ao novo alumno, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acollidora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Estes colocaranse á súa beira en clase, no comedor, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

Segundo o *Plan de Acolida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U.*, as principais funcións para realizar o alumnado titor son as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.
- Outras liñas de actuación na aula.

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

d) Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos alumnos, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnos as decisións que tomemos sobre as medidas que se precisan nunha área

concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluírán, ademais da enmarcadas na acción tutorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa::

- De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.

- De tipo organizativo: grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

No caso de precisar apoio especializado (PT/AL) ou de profesorado do colexio seguiranse os criterios de utilización establecidos no PXAD e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo orientador de conformidade co determinado no referido PXAD. É importante no caso destes alumnos desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar

Nas ACS estarase ao establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O desenvolvemento de medidas de tipo organizativo ven regulado pola Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro).

Ademais das anteriormente referidas, deberanse ter en conta :

- Medidas de coordinación

Para conseguir un traballo organizado, sistemático e con resultados positivos o xefe de estudos deberá prever os momentos e tempos de coordinación para compartir a información sobre os alumnos e a toma de decisións sobre a intervención. Para iso faise aconsellable determinar reunións periódicas co titor, o profesorado de apoio, os profesores de área e o departamento de orientación. Este seguimento facilita moito o coñecemento da marcha do alumno e as súas posibilidades reais de integración no centro.

- Actividades extraescolares.

O centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades enmarcadas tamén fora do horario escolar. Deste modo, débese fomentar a participación dos alumnos en xogos,

competicións deportivas, actividades lúdicas etc., que con carácter voluntario o centro ou outras entidades ou institucións locais puidesen organizar.

- Colaboración con outras entidades

O propio tecido social, as súas institucións, organizacións voluntarias, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade cuxas potencialidades se deben aproveitar.

Desde o centro escolar colaborarase con estas entidades e institucións facilitando unha coordinación de medios e fins para optimizar os recursos dispoñibles e daranse a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen.

Neste sentido, a Delegación do Goberno respecto á inmigración, os Servizos Sociais do Concello, a Rede Galega de Atención ao Inmigrante e ao Emigrante Retornado, dependente da Consellería de Emigración así como as asociacións subvencionadas cada ano por esta Consellería, poden prestar un servizo de gran utilidade.

d) Desenvolvemento de competencias interculturais.

Desde a consideración de todos os alumnos como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para iso será conveniente realizar unha proposta educativa coordinada desde a acción tutorial que involucre a todo o profesorado e se reflecta en todas as actividades escolares.

Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- utilizar na aula información e recursos actualizados que recollan diferentes perspectivas sobre cada tema tratado.

- recorrer a contidos que reflectan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.

- poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.

- promover un clima da clase que favoreza o intercambio significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.

- propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.

Como contidos concretos desta proposta poden formularse:

- Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro

Corresponderá a todo o profesorado o logro dun coñecemento compartido de toda a riqueza cultural que existe na aula e no centro, valorando o que de positivo nos aporta.

Convirá, non obstante, que a atención se centre máis nos aspectos comúns que compartimos que nas diferenzas en canto tales.

.Habilidades de interacción social e convivencia

Para que os alumnos se sintan cómodos e integrados na aula desde o principio, con confianza en si mesmos, hai que facilitarlles un clima adecuado, tanto na clase como fóra dela (no recreo, en actividades organizadas polo centro, en horario extraescolar), que favoreza unha convivencia construtiva e non discriminadora entre os membros do grupo.

Mediante consenso cos outros profesores, podemos establecer a este fin as nosas propias pautas de traballo ou buscar na literatura pedagóxica programas e materiais xa elaborados e secuenciados.

Por outra parte, a propia dinámica escolar e súas interaccións dan lugar a diverxencias que poden ser oportunidades para avanzar ou retroceder na convivencia, segundo como as afrontemos (o feito de non afrontalas dará lugar a un proceso crecente de incomunicación, desconfianza, temores, malentendidos, etc).

Nesta liña de actuación, como parte esencial da convivencia na diversidade, debe estar presente na normal actividade da clase a aprendizaxe e uso de estratexias dirixidas a este fin, tales como:

- Análise das situacións conflitivas
- escoita activa
- Negociación
- Mediación
- Toma de decisións por consenso
- Creación no grupo dun ambiente de confianza e cooperación

3.2. ACTUACIÓNS PARA CO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN.

Cando un profesor se incorpore a este centro, o equipo directivo informarlle do seu funcionamento e organización xeral, mostraralle as dependencias e presentarlle aos compañeiros e persoal do centro..

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación do cumprimento dos obxectivos e do desenvolvemento das distintas actuacións realizarase a partir das valoracións do profesorado encargado de poñelas en práctica e recollerase na memoria do Departamento de Orientación.



ANEXO II: DOCUMENTOS DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓNS